


Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

21-22-23 de xullo
na Illa de San Simón



festival.sins.al

A casete será a protagonista das actividades divulgativas do Sinsal SON Estrella Galicia 2023

O proxecto divulgativo A Escola Sinsal reivindicará o papel deste soporte sonoro a través dunha exhibición, nomeada 'Do cinema familiar ás cassetes domésticas'

A artista Sarah Rasines, responsable da primeira investigación centrada na historia da casete en España, impartirá un obradoiro de creación de sons e dunha caixa-libro, con materiais reutilizados de Sinsalaudio, que o público poderá levar de recordo



Redondela, 27 de xuño de 2023.- O proxecto divulgativo **A Escola Sinsal**, impulsado polo festival Sinsal SON Estrella Galicia, presenta as novas actividades paralelas gratuítas que se desenvolverán no marco do evento, que se celebrará do 21 ao 23 de xullo na illa de San Simón e para o que xa non quedan entradas dispoñibles. Neste 2023, A Escola Sinsal porá o foco na **casete como o principal soporte sonoro do século XX** a través de dúas iniciativas nas que terá o papel protagonista: **unha exposición, nomeada *Do cinema familiar ás cassetes domésticas***, e un obradoiro impartido por Sarah Rasines, artista responsable da primeira investigación centrada na historia da casete en España, e na que o público, tamén o máis novo, poderá levar, como recordo do festival, a súa **Caixa-libro da Escola Sinsal**.

A Escola Sinsal é o proxecto de Sinsal dedicado á **divulgación do rexistro sonoro e da tecnoloxía do século XX**, e que parte da colección propia de obxectos de Sinsalaudio. Se ben durante a edición de 2022 o festival centrou a súa actividade no suco do vinilo e a súa evolución ao longo dos anos; nesta ocasión reivindicarase o **papel da cinta magnética**.

A casete, inventada por Lou Ottens no ano 1963, é o **soporte sonoro máis difundido e importante da historia do século XX**. Aínda que en España a cultura da casete estivo moi presente fundamentalmente na época dos 80, actualmente o seu formato físico atópase en auge pola súa sostibilidade, baixo custo e pola capacidade de control que se pode manter sobre a edición, produción e distribución. A **exposición *Do cinema familiar ás cassetes domésticas***, apta para todos os públicos e que se poderá visitar todos os días durante a celebración do festival na cafetería de San Simón, inclúe numerosos obxectos, como reprodutores de xoguete, cassetes en formatos singulares, gravadoras, partituras, diapositivas e un achegamento a proxectos de diferentes partes do mundo que están a recuperar e protexer estes arquivos.

A exposición d'A Escola Sinsal completárase cun obradoiro impartido pola artista sonora, xestora cultural e investigadora [Sarah Rasines](#), quen ademais achega parte da súa colección persoal á mostra. A creadora, quen presentará en breve a primeira tese doutoral dedicada á historia e importancia da casete en España, coordinará un taller ideado para parellas (compañeiras, fillas, amigas, etc.), **que nace da práctica de Fluxus para nenas e nenos**, no que o público aprenderá a xerar sons con cassetes e outros soportes, así como crear a súa propia **Caixa-libro Escola Sinsal, feita con obxectos reutilizados e exclusivos de Sinsalaudio** (como postais, *flyers* e outros materiais), e que se poderán levar como recordo do Sinsal SON Estrella Galicia.

O obradoiro, gratuíto e apto para todos os públicos -as e os menores deberán estar acompañadas dun familiar ou titor legal maior de idade-, impartirase todos os días na propia exposición d'A Escola Sinsal. Durante unha hora, **Rasines revisará a historia da casete**, desde o seu papel na creación e difusión da música popular até o seu impacto cultural e social en todo o mundo; descubrirá os seus secretos sonoros e amosará ás asistentes a **facen un loop con cinta de casete e xerar sons que transformarán a Caixa-libro Escola Sinsal nun instrumento musical**.

Para poder participar neste obradoiro, as persoas interesadas poden enviar desde hoxe un correo electrónico a sarahrasiness@gmail.com sinalando, no asunto, *Taller de cassetes Escola Sinsal*, indicando os nomes e apelidos das dúas persoas participantes e un teléfono de contacto. Ademais, deberán escoller o día ao que queren asistir: venres 21 (de 18:30 a 19:30 horas), sábado 22 (16:00 a 17:15 horas), ou domingo 23 (16:00 a 17:15 horas). As prazas son limitadas e en cada sesión haberá un máximo de 8 parellas.

Para máis información sobre a programación de actividades paralelas do Sinsal SON Estrella Galicia 2023, pódese visitar o espazo web <http://festival.sins.al/gl/festival/sinsal-son-estrella-galicia-2023/actividades-paralelas>

Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 | prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa

<http://festival.sins.al/gl/prensa>